

Os romeiros do caracol

Basado no estudo sobre as romarías de Antón Fraguas



CARLOS QUINTÁ

INACIO



San Andrés de Teixido é un dos santuarios máis importantes de Galicia pola súa riqueza ritual é folclórica e é por iso que lle prestaron atención moitos etnógrafos e estudosos recoñecidos como Xoana Torres, Fernández del Riego e o homenaxeado no 2019 co día das Letras Galegas Antonio Fraguas Fraguas. Na súa monumental obra Romarías e Santuarios de Galicia Fraguas dedica o capítulo máis extenso a describir, con pormenor, a peregrinación a Santo Andrés de Teixido: os ritos, as cancións, as lendas e o santuario. E con todo ese material etnográfico nos construímos un espectáculo para público familiar na que utilizamos de escenografía un enorme caracol-vivenda no que se contan e cantan os cancións e as lendas de San Andrés. Títeres, cartel de cego, máscaras, reque-reque e un limberjack son algúns dos recursos do teatro popular que utilizaremos neste espectáculo con música en directo interpretada polo acordeón diatónico de Carlos Quintá.

Un espectáculo infantil sobre Antón Fraguas...

Os irmáns Quintá percorren o camiño de volta de San Andrés de Teixido á súa casa despois de cumprir a ofrenda que lle prometeran ao seu defunto avó de levalo a San Andrés en forma de caracol, xa que non fora de vivo. A sabendas de que o camiño ía ser lento viaxan nunha caravana-caracol que tamén serve de teatriño de títeres co que contan as historias e cancións que viron e escoitaron en San Andrés:

- A foliada de San Andrés
- Os poderes salvíficos dos Sanandresiños de miga de pan
- A orixe da barca de pedra
- As caldrupeiras de San Andrés
- As rosquillas das tres comadres
- A herba de namorar.

ELENCO:

Carlos Quintá

Inacio Vilariño

FICHA TÉCNICA:

Autor e Director: Inacio Vilariño

Deseño de espazo sonoro: Carlos Quintá

Deseño escenografía: Iván Suárez Núñez

Construción escenarios e marionetas: Luís Iglesias

Duración: 50 minutos

Idades recomendadas: A partir de 5 anos.

Distribúe:



T. 981 937 424 | M. 698 132 935